

PNO!

PONTE...NAS ONDAS!

UN MODELO DE BOAS PRÁTICAS CO PCI



PATRIMÓNIO IMATERIAL
GALEGO-PORTUGUÊS

Como facer un podcast?

PASOS SIMPLES PARA CREAR UN PODCAST



PREPARA O TEXTO OU GUIÓN DO QUE VAS GRAVAR

Ainda que hai a quen se lle dá moi ben improvisar, a mellor improvisación é a que está preparada. Prepara unha introdución, un texto sobre o asunto que vas tratar e unha despedida.

GRAVA O AUDIO EN AUDACITY

Ten en conta que un bo micrófono é fundamental para unha boa calidade de son. Podes gravar directamente nun ordenador portátil pero non é o mesmo...



EDITA O AUDIO



Unha vez que teñas a gravación, escóitaa e revisaa. Podes modificar o que consideres oportuno e mesmo gravar de novo todo ou algunhas partes. Unha vez axeitado o audio podes engadir efectos ou música para o comezo, de fondo ou para o remate.

EXPORTA O AUDIO

Garda o proxecto en Audacity. Cando o teñas rematado, expórtalo en formato Wav (mellor calidade) ou MP3 (menor peso do arquivo).



FAI O PODCAST: AUDIO ENRIQUECIDO

Un PODCAST é un audio enriquecido con:

- unha imaxe
- un texto descritivo que motive a escoita
- unhas etiquetas: unha palabras que axudan a súa clasificación e busca en Internet

PLATAFORMAS:

Hai moitas plataformas onde aloxar o teu PODCAST: Sreaker, Spotify, Sound Cloud, Google Podcasts, Apple Podcast, etc.

ALOXAMENTO EN IVOOX



<https://www.ivoox.com>

- Crea unha conta. O espazo é ilimitado.

- Aloxar o teu audio seguindo os pasos: sube o audio, escribe a descrición, pon as etiquetas, selecciona a imaxe, ponlle un título e...comparte !




Aprende a usar Audacity

Link para mac <https://www.audacityteam.org/download/mac/>

Link para Windows <https://www.audacityteam.org/download/windows/>

Panel de Botóns de Audacity



*Para usar algún efecto, borrar, copiar, etc..

*Sempre debe estar en Stop.

*Comprobaredes que si está en Pause , non deixa usar efectos.

Sempre deixaremos marcada a ferramenta de selección.



En caso de que nos equivoquemos, podemos usar a tecla “desfacer”

ou usar no teclado “Ctrl+Z”



Para traballar con un audio gardado no noso ordenador, debemos impórtalo.

Ficheiro - Importar - Son (buscar arquivo a traballar no disco ou directorio), unha vez localizado dámoslle a “abrir”.



A onda de audio pódese ampliar ou reducir se utilizamos as ferramentas de "lupa" (lupa +) e (lupa -) que están na parte superior central.

Tamén podemos usar o teclado Zoom + (Ctrl+1) e Zoom – (Ctrl+3)


Obradoiro Podcast

LIMPAR UN AUDIO OU BORRAR O QUE NON FAI FALLA - Para borrar ou eliminar partes, seleccionamos ese cachiño a eliminar.

*Para seleccionar, pulsamos botón esquerdo do rato, e desprazamos.



Unha vez seleccionado, pulsamos a tecla “Suprimir”

Ou a tecla de “retroceso”



Tamén temos ferramentas de “COPIA ou CORTA E PEGA”

Seleccionamos o cachiño a “CORTAR” e despois “PEGAR”





E podemos “COPIAR” o cachiño que queiramos e pégalo “PEGAR” tantas veces queiramos e onde queiramos




Obradoiro Podcast


AMPLIFICAR - Se ten un volumen moi baixo, podemos amplificalo. Seleccionamos o cachiño a amplificar, entramos en "Efecto" - "Amplificar"



CAMBIAR TON - Seleccionamos o cachiño a traballar. Imos a "Efectos" - "Cambiar ton" para poñer a voz máis grave ou aguda. Se lle damos ao cursor hacia a dereita (valores positivos), agudiza. E se lle damos hacia a esquerda (valores negativos), pon o ton máis grave.



CAMBIAR TEMPO – Se quixesemos cambiar o ritmo do audio, apurar ou ralentizar. Seleccionamos o cachiño de audio e imos a "Efecto" - "Cambiar tempo ou ritmo"





*Hai a posibilidade de facer “Cambiar Velocidade” pero isto fai ambas cousas á vez, “cambiar ton + cambiar ritmo”. Se apuramos o audio, agudiza. E se ralentizamos o audio, pon o ton mais grave. Mellor traballar con ambos efectos por separado.

AGORA TOCA ENGADIR MÚSICA

Obradoiro Podcast


Volvemos ir a "ficheiro" - "importar son ou audio" - elixir a música a subir e darlle a “abrir”.

Se ao engadir a música non podes ver completamente as pistas, entón imos a VER – (axustar verticalmente), (axustar pista-axustar altura), ou (Track Size- Fit to Height). Depende do idioma no que estea.



Obradoiro Podcast



DESPRAZAMENTO Na parte superior centrar hai 6 teclas ferramentas , imos usar a tecla de desprazamento ou "Ferramenta cambio de tempo", para poder mover os audios, hacia un lado ou hacia o outro.



Tamén pode subir audios a outras pistas..... Agora para desprazar o audio, imos a ferramenta de desprazamento , despois clicamos co botón esquerdo do rato no audio a mover, vou movendo hacia a dereita, e cando teña espazo para poder subilo a pista de arriba, súboo.




ENGADIR SILENCIO - Se queremos engadir un silencio, poñemos o cursor onde queremos colocar o silencio, imos a "Xerar" "Generar" - "Silenciar" - poñer a cantidade de tempo que queredes que dure o silencio, Minutos ou Segundos..




FERRAMENTA ENVOLVENTE – Se quixesemos baixar a música ao noso gusto, para que se poidan escoitar mellor as voces, usaremos a ferramenta “ENVOLVENTE”


Obradoiro Podcast




Agora faremos unha 1ª marca (click botón esquerdo do rato) onde queremos comezar a facer o cambio (baixar o volumen)




Agora faremos unha 2ª marca (click botón esquerdo do rato) onde queremos que o volume xa esté baixo.... E mantemos o botón do rato pulsado....




E agora, co botón do rato pulsado, movemos hacia abaixo o rato e veredes como a onda vai reducíndose ata poñela co volumen que nos interesa, e soltamos botón do rato....





Obradoiro Podcast




*Lembra que o proxecto hai que gardalo co nome que queiramos e rematado en (.aup) ou (.aup3) dependendo da versión de Audacity que teñamos. Unha vez gardado, no directorio que eliximos, vai aparecer un cartafol e unha icona de Audacity.... se pinchamos na icona de Audacity, automaticamente abriría o proxecto. E se queremos levar o proxecto nunha memoria USB para traballar noutro ordenador, debemos copiar ambos arquivos (a carpeta e o ficheiro)



EXPORTAR AUDIO - Se xa rematamos o noso podcast e queremos envialo, o formato máis común é o (.mp3), porque ten boa calidade e comprime moito o tamaño do arquivo. Para envialo xa rematado, imos a "Ficheiro" - "Exportar son ou audio" - Elixir formato de arquivo .mp3 ou .wav. Elixir carpeta de destino e nome do arquivo.



Obradoiro Podcast



Ao exportar, vai aparecer unha ventá emerxente de metadatos, se escribes datos nesa ventá, cando escoitedes ese audio nun coche por exemplo, vaivos aparecer o nome do arquivo, título, artista, etc.. tódolos datos que vos meterades.

